



A pandemia tivo como consecuencia a paralización das saídas didácticas dos centros escolares, tamén claro, aos Museos. A pesar desta dificultade, no DEAC do Museo do Pobo Galego non queremos deixar de estar en contacto con vós, coa comunidade escolar, aproveitando o potencial didáctico dos fondos da entidade, cunha serie de materiais e actividades a través das TIC e da comunicación dixital. Por isto propómosvos sermos nós, neste segundo trimestre, quen vos visite a vós.

Pode ser de xeito presencial, indo nós ao voso centro de Primaria co taller itinerante "Saber o Mar", ou pode ser virtualmente, a través de "A Gulpilleira", un vídeo-conto gravado no Museo, cunha narración pensada especialmente para o alumnado de Infantil e 1º de Primaria. Tamén dispoñemos materiais didácticos que temos pendurados para que os usedes cando e como queirades.

# EDUCACIÓN INFANTIL E 1º PRIMARIA



## **A GULPILLEIRA**

A casa da raposa está, polo xeral, no monte. Porén, no Museo do Pobo Galego temos unha gupilleira moi especial. Un cubil nun recuncho do Museo, onde se instalou a nosa amiga e onde pasa longas tempadas ao quentiño. Desde alí, cóntanos contos sobre as cousas que acontecen nese monte no que adoita vivir, e que está ao lado das nosas casas.

- O material principal da actividade é un **vídeo-conto** de Raquel Queizás no que usa diferentes técnicas como os monicreques para tratar os contidos.
  - **Solicitud:** a través do DEAC con antelación e con confirmación do Departamento.
  - **Dirixida** a alumnado de toda Galicia, desde 4º de infantil a 1º de primaria.
  - **Temporalización:** duración do vídeo 10'.
  - **Prezo:** 0,70 céntimos por alumno/a. De balde para centros socios do Museo.
-

# EDUCACIÓN PRIMARIA




## ***OBRAIDOIRO ITINERANTE "SABER O MAR"***

Aproveitando os contidos da sala do mar, deseñamos unha maleta con distintos elementos para o seu uso nun obradoiro a desenvolver no voso centro. A partir dela, o alumnado mergullarase no mundo das embarcacións tradicionais, converterase en mariñeiros e mariñeiras orientándose no mar sen GPS ou fabricando e experimentando diferentes artes de pesca e marisqueo. O obradoiro integra tamén a conexión co Museo do Pobo e coa sala do mar, nun momento determinado do desenvolvemento deste.

- **Obradoiro itinerante** para levar aos propios centros escolares da man dun educador/educadora do Museo.
  - **Solicitude:** a través do DEAC con antelación e con confirmación do Departamento.
  - **Dirixida** alumnado de 2ª a 6ª de primaria de toda Galicia.
  - **Temporalización:** uns 90 minutos por grupo. De facerse no mesmo centro escolar dous grupos (máximo), entre un e outro, hai que desinfectar os elementos da maleta para o seu uso na segunda quenda.
  - **Prezo:** 0,70 céntimos por alumno/a. De balde para centros socios do Museo.
-





### ***MICE PETÍS: ACTIVIDADE DA MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO PARA ESCOLAS***

O saber dos pobos, a súa idiosincrasia, a súa maneira de ser e entender o mundo transmítese de xeración en xeración en forma de historias. O cinema converteuse nunha importante ferramenta non só para a creación de obras senón para a transmisión doutras xa existentes na narración oral ou no texto e que chegan a nós desde a infancia, contribuíndo así a transmisión de mitos e con eles, da identidade dos pobos. Dentro das actividades da MICE lembre que tedes materiais libres e en liña dispoñibles durante todo o ano no apartado de "Materiais de Apoio" tales como un obradoiro de pre-cine para Educación Primaria ou ligazóns a curtas de animación para Infantil.

- **Sesión en liña de curtas cinematográficas.**
  - **Dispoñibles** do 23 de marzo ao 23 de abril.  
**Solicitude:** a través do DEAC con antelación e con confirmación do Departamento.
  - **Dirixida** alumnado de 2ª a 6ª de primaria de toda Galicia.
  - **Temporalización:** uns 60 minutos en total si se visualizan todas as curtas.
  - **Prezo:** 0,70 céntimos por alumno/a. De balde para centros socios do Museo.
-

## TAMÉN OFRECEMOS PARA AMBOS CICLOS...

### MATERIAIS DE APOIO EN LIÑA

Seguimos pondo a vosa disposición contidos e materiais en liña para que lle deades uso cando e como consideredes.

- **Caderniños didácticos**, unha serie de monografías sobre o mar e as embarcacións tradicionais, a olería ou o tecido (entre outras).
- **Curtas de animación**, para achegarvos a historias que mostran os saberes, a idiosincrasia e a maneira de entender o mundo doutras culturas.
- **Fichas de exercicios baseadas no folclore e o patrimonio inmaterial** aptas para traballar no centro con alumnado de educación infantil con exercicios como adiviñas, láminas para colorear, refráns, trabalinguas, cancións ou xogos bailados.
- Podedes [descargalos pinchando aquí](#).

### VISITAS PRESENCIAIS

**As visitas ás salas e as actividades didácticas** presenciais seguen estando na nosa oferta, simplemente que terán que ser sempre **concertándoas con suficiente antelación**, seguindo as recomendacións sanitarias e respectando as restricións de aforo.

- **Prezo:** 0,70 céntimos por alumno/a. De balde para centros socios.

Contáctanos en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal) ou no 981 583 620



Museo do Pobo Galego

